



PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO INTERINO QUE OCUPE A PRAZA VACANTE DE OPERARIO CONDUTOR. VALORACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DO PROCESO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Faise público que o Tribunal Cualificador do proceso de selección acordou o 22 de decembro de 2014 o seguinte:

PRIMEIRO. Unha vez concluído o período de alegacións á puntuación provisional de méritos da fase de concurso, faise público o resultado definitivo dos méritos achegados de conformidade cos criterios establecidos na base sétima das bases de selección:

VALORACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS

ASPIRANTES	a) Servizos prestados (no Concello de Salceda ou noutras admns.)	b) Servizos prestados empresas sector privado	c) Cursos	d) Galego	PUNTUACIÓN TOTAL
SOUSA VÁZQUEZ, BENITO	0	0,08	0	0,2	0,28
RICÓN CASTRO, DAVID	0	0,24	0,3	0	0,54

SEGUNDO. A base novena das bases de selección establece que a cualificación dos aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos nas fases de oposición e concurso, sendo así que a cualificación definitiva do proceso de selección foi a seguinte:

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DO PROCESO DE SELECCIÓN

ORDE NA PUNTUACIÓN	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN	RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN	FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS.	CUALIFICACIÓN DEFINITIVA
1º	Benito Sousa Vázquez	6,75	APTO	0,28	7,03
2º	David Ricón Castro	5,5	APTO	0,54	6,04





TERCEIRO. Proponse como candidato a seleccionar para que ocupe a praza vacante de operario-condutor a D. Benito Sousa Vázquez, con DNI 36046886K, debendo aportar no prazo de 3 días hábiles dende este anuncio (rematando o prazo o día 26/12/14 inclusive) no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas os documentos que se especifican seguidamente:

- Copia autenticada ou fotocopia compulsada do certificado de escolaridade ou titulación superior.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das tarefas de operario-condutor do camiión do lixo.
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Nº de conta bancaria que sexa da súa titularidade (CÓDIGO IBAN).

A omisión ou defecto subsanable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 3 días hábiles para a súa achega ou subsanación. En ningún caso este prazo suporá ampliación do procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Se non presentase esta documentación e salvo casos de imposibilidade suficientemente acreditada, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as actuacións e sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, poderá ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

Salceda de Caselas, 22 de decembro de 2014

A SECRETARIA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

Isabel Estévez Pazo (por suplencia)

